

VOCABULARIO

BIOCLIMÁTICO: factores e elementos climáticos que inciden na variación da vexetación e da fauna dunha área concreta. Por exemplo luminosidade, temperatura, pluviometría, vento, latitude, altitude, continentalidade, orientación, solos...

BIOMASA: termo que soe aplicarse nas áreas de ecoloxía, microbioloxía industrial e enerxía, pero con significados distintos, aínda que basicamente teñen en común o referirse á materia orgánica xerada polos seres vivos como consecuencia das súas actividades vitales. Distínguese entre biomasa vexetal e animal.

ECOSISTEMA: conxunto da interrelación entre a totalidade dos seres vivos que habitan nunha zona determinada e o medio físico no que viven. Funciona como un sistema, con relacións interiores establecidas pola interacción dos seres entre si e destes co medio, e con relacións exteriores coa enerxía, a auga, etc.

PAISAXE: conxunto formado polo ecosistema dunha área e os elementos económicos, sociais e culturais propios da sociedade humana da zona, e que determinan a súa influencia no lugar. É polo tanto unha porción de territorio caracterizada por unha combinación dinámica de diferentes elementos xeográficos que, ó interrelacionar uns cos outros, dan lugar a un conxunto en constante cambio e evolución. A paisaxe natural é, sobre todo, a paisaxe vexetal.

VEXETACIÓN: tapiz vexetal resultante da disposición no espazo das diferentes especies vexetais presentes nun determinado territorio. / Conxunto da flora propia dunha rexión.

CLÍMAX: etapa culminante, final, de máximo desenvolvemento dunha comunidade vexetal na que esta adquire unha estrutura complexa, atopándose en equilibrio dinámico con respecto ó seu contorno ambiental. / Etapa de total adaptación do bosque ó seu medio ambiente.

CLISERIE: gradación dos tipos de vexetación coa altitude na montaña, que forma unha serie de unidades máis ou menos ben definidas, que se coñecen como pisos de vexetación.

ENDEMISMO: limitación dunha especie vexetal ou animal a unha área concreta. Falamos de especie endémica (animal ou vexetal) cando é orixinaria ou exclusiva da área que habita.

CONÍFERA: grupo de árbores e arbustos ximnospérmicos (especie coa semente núa, non envolta polo froito, por exemplo o piñeiro; o contrario é anxiosperma ou especie con semente envolta polo froito, por exemplo a mazá) que posúen froitos en piñas e que, case sempre, teñen follas en forma de acículas (agullas) ou de escamas. Ordinariamente son resinosas e case sempre perennes. Por exemplo: piñeiros, abetos, cipreses, cedros, enebros, alerces, ...

FRONDOSA: árbores e arbustos con froitos moi variados e follas anchas. Emprégase o termo en contraposición ó de conífera. Por exemplo: castiñeiro, maceira, pereira, álamo, chopo, arce,...

ESPECIE TERMÓFILA: especie vexetal adaptada a medios climáticos cálidos polo que non resiste as baixas temperaturas.

ESPECIE UMBRÓFILA: especie vexetal que necesita sombra para desenvolverse.

ESPECIE HELIÓFILA: especies que requiren sol para o seu crecemento e desenvolvemento.

ESPECIE HIGRÓFILA: especie adaptada a vivir en medio húmido e á que lle perxudica a sequidade no seu crecemento.

ESPECIE HALÓFILA: especie capaz de soportar un contido determinado de sales (especialmente cloruro de sodio) no solo ou na auga.

ESPECIE XERÓFILA ou ESCLERÓFILA: vexetación que se desenvolve en ambiente árido, estacional ou permanente, onde as plantas se acomodan ó déficit hídrico e á elevada insolación. Así, existen tipos moi diversos de plantas de follas pequenas, coriáceas, moitas veces reducidas a espiñas, e con gran desenvolvemento das raíces.

ESPECIE MESÓFILA: vexetación que require un medio con precipitacións e temperaturas moderadas ou medias, como ocorre con case todas as árbores.

RUPÍCOLA: planta que vive sobre as rochas.

FORMACIÓN ARBÓREA: vexetal leñoso (que chega a formar madeira) que posúe un tronco definido e ramificado a partir de certa altura. Por exemplo a thuja.

FORMACIÓN ARBUSTIVA: vexetal leñoso sen troco definido e ramificado xeralmente dende a súa base, por exemplo a xesta.

FORMACIÓN HERBÁCEA: vexetal de tamaño xeralmente reducido e de pouca consistencia. Por exemplo a herba.

BOSQUE CADUCIFOLIO: formación vexetal constituída por variadas especies de árbores que perden anual e temporalmente as follas en outono para volver a nacer en primavera. Por exemplo: castiñeiro, ...(ver paisaxe vexetal)

BOSQUE PERENNIFOLIO: formación vexetal constituída por variadas especies de árbores que non sofren unha perda estacional de follas, senón que experimentan unha renovación paulatina das mesmas ó longo do ano, como as coníferas ou os eucaliptos dos bosques galegos (ver paisaxe vexetal).

DEVESA: terra destinada a pastos. / Forma de explotación do bosque mediterráneo, que combina de forma rotativa cultivos e pastoreo, respectando parcialmente as árbores, das cales aproveitan o seu froito, a leña e a protección que exercen sobre os solos e os pastos. Bosque aclarado. A máis frecuente é a devesa de aciñeiras (encinas). Aínda que tamén pode estar constituída por outras árbores como sobreiras (alcornoques), quexigos, freixos e incluso carballos. É unha explotación respetuosa co medio ambiente xa que supón un equilibrio entre explotación e conservación. Débese potenciar o seu coidado e conservación e acabar coa competencia dos regadíos que a ameazan en grandes áreas de Extremadura. Unha devesa famosa que se converteu en Parque Nacional é Cabañeros en Ciudad Real. En Galicia chamamos devesa a unha zona de masa forestal autóctona (tamén fraga).


SOTOBOSQUE: vexetación que medra baixo os corutos (copas) das árbores dun bosque. Soe estar en función das especies arbóreas que formen o bosque e da cantidade de luz que se filtre entre os corutos.

PRADERA: terreo aberto, poboado de herba, situado en paraxe húmido ou de regadío. É o mesmo que prado, coa diferenza de que este polo regular está pechado con cerca. Formación herbácea.

LANDA: formacións vexetais de baixo porte nas que predomina a familia das Ericáceas (cos xéneros Erica e Calluna) e das Leguminosas (con xéneros coma o Ulex, Genista e Sarothamnus), que se localiza sobre solos incultos, ácidos e con clima húmido. Débese á degradación das formacións vexetais arbóreas debido á acción antrópica. En Galicia ocupa preto dun cuarto da superficie cultivada.

MAQUIS: matorreira baixa de arbustos e matas aromáticas propia do clima mediterráneo e moi rica en especies que medran sobre solos silíceos. É o resultado da degradación pola tala abusiva de antigos aciñais.

GARRIGA: asociación vexetal propia das áreas máis secas do clima mediterráneo, constituída basicamente por matorreira (carrasca, romero, trevisco) e arbustos ou plantas espiñosas, matas aromáticas, etc. que se desenvolven nos terreos calcáreos destas áreas. É un matro perennifolio xerófilo e pouco denso.



A ESPAÑA HÚMIDA

Zona: Norte da Península, cornixa cantábrica e Galicia.

Clima:

Oceánico:

- Precipitacións abundantes e bastante regulares (máis de 800 mm anuais).
- Temperaturas suaves e amplitude térmica baixa, por influencia do mar.

Vexetación:

- **Bosque caducifolio** (faias e carballos).
- **Landa** formada por matogueiras como breixo, toxo, xesta, etc.
- **Prados** abundantes.

Augas:

Ríos pertencentes na súa maioría á **vertente cantábrica**. Abundantes, caudalosos, regulares e curtos, por naceren en montañas próximas á costa. Aptos para obras hidráulicas.

Solos:

- **Terra parda:** solo evolucionado, rico en humus e con certa acidez. Con topografía favorable é apto para o cultivo, e con pendente é bo para pastos.
- **Ranker** pouco evolucionado por estar en pendente e sometido a forte erosión. Solo apto para bosque e pasto.

A ESPAÑA MEDITERRÁNEA

Zona: Territorio ó sur da España húmida, illas Baleares, Ceuta e Melilla.

Clima:

Mediterráneo:

- Precipitacións escasas (menos de 800 mm anuais). No SE e val do Ebro son inferiores a 300 mm.
- Temperaturas costeiras suaves e con escasa amplitude térmica. No interior, clima continentalizado con amplitudes elevadas.

Vexetación:

- **Bosque perennifolio** (aciñeira, sobreira).
- **Maquia** formada por matogueiras densas e altas (xara, lentisco).
- **Garriga** formada por matogueiras pouco densas e baixas (tomiño, romeo).
- **Estepa** formada por vexetación discontinua, de arbustos espiñentos (palmito, espartal).


Augas:

- Ríos da vertente atlántica, longos e con estiaxes en verán.
- Ríos da vertente mediterránea, curtos (agás o Ebro), moi irregulares e con acusada estiaxe en verán.

Solos:

Posúen horizonte arxílico ou arxiloso.

- Sobre **rocha calcaria:** solos vermellos, con fertilidade alta para cultivos, *terra rossa* e solo pardo calcario con fertilidade mediana para cultivos arbóreos e devesas.
- Sobre **rocha silíceas:** terra parda meridional, pobre, destinado a devesas e pastos.
- Sobre **arxila e marga:** vertisolos, moi fértiles, aptos para case todo cultivo. En áreas de clima estepario destaca o solo gris subdesértico, moi rico en calcaria e pobre en humus. De aproveitamento nulo en secaño e de fácil salinización en regadío.



A MONTAÑA

Zona: Illas Canarias.

Clima:

Estepario ou **desértico** nas zonas baixas:

- Precipitacións moi escasas e irregulares (menos de 300 mm anuais: clima estepario; menos de 150 mm: clima desértico). Incrementan claramente coa altura e poden chegar ós 1000 mm.
- Temperaturas cálidas todo o ano (ningún mes cunha temperatura media inferior a 17 °C) e amplitude térmica moi baixa (inferior a 8 °C).

Vexetación:

- Orixinal, con influencias mediterráneas, atlánticas e africanas.
- Grande importancia dos **endemismos** e reliquias.
- Nos relevos montañosos organízase en **pisos**: matogueira; palmeira-drago-sabinar; laurisilva-faial e breixeira; piñeiro canario e matogueira de gran riqueza florística.

Augas:

Moi escasas e irregulares. superficialmente aparecen en forma de arrosios e torrentes. Predominan os acuíferos.

Solos:

Volcánicos, con frecuencia formando "malpaíses". Son solos pouco evolucionados e moitos deles improductivos.

AS ILLAS CANARIAS

Zona: Territorios situados por encima dos 1000 metros de altitude.

Clima:

De montaña:

- Precipitacións anuais superiores ós 1000 mm.
- Temperatura media anual inferior a 10 °C. Veráns frescos e invernos fríos con algún mes con temperatura media próxima ou inferior a 0 °C. Papel destacado da neve.

Vexetación:

Graduada en pisos.

- **Pireneos:** subalpino (coníferas), alpino (prados), nival (plantas rupícolas ou rocha viva).
- **Resto de montañas:** sen piso subalpino de coníferas. Só bosque típico da zona e, nun piso superior, matogueiras e prados.

Augas:

Ríos de montaña, con caudal máximo en primavera (desxeo) e mínimo en inverno (augas retidas en forma de neve).

- De **alta montaña:** réxime nival, con caudal máximo en primavera.
- De **montaña media:** réxime nivo-pluvial ou pluvio-nival, con máximo secundario coincidindo coas chuvias de outono.

Solos:

Pouco evolucionados porque as pendentes provocan forte erosión.

- **Rankers** e terra parda meridional (rochas silíceas).
- **Rendsinas** e pardo calcarios (calcarías).

FORMACIÓNS VEXETAIS

Chamamos **VEXETACIÓN** ou **FLORA** ó conxunto de especies vexetais dun territorio. Na Terra existen diferentes reinos florais subdivididos en rexións. A península Ibérica forma parte do reino HOLOÁRTICO que comprende as terras continentais situadas ó norte do Trópico de Cáncer, e consta de tres rexións florais:

- rexión BOREOALPINA. Zonas elevadas de Pirineos e da C. Cantábrica.
- rexión EUROSIBERIANA: norte da península e sectores do S. Central e do S. Ibérico.
- rexión MEDITERRÁNEA: resto da península Ibérica.

En Canarias atópase representada a rexión MACARONÉSICA.

A vexetación española conta cunha gran diversidade de especies (en torno a 6.000) debido a:

- á variedade dos seus rasgos físicos (relevo, climas, solos,...).
- á posición de ponte da P.I. (entre Europa e África e entre a zona cálida e temperá).
- á orixinalidade da vexetación canaria.

Denominamos **FORMACIÓNS VEXETAIS** a grupos de vexetación individualizados polo seu tamaño e fisonomía. Os tres tipos básicos son o bosque, a matogueira e o prado. As formacións vexetais dispóñense en comunidades; o seu conxunto constitúe a **paisaxe vexetal dunha área**. Poden tratarse de formacións "clímax", xurdidas en relación co medio natural ; ou formacións secundarias, debidas á actuación humama.

1. PAISAXE VEXETAL DE CLIMA OCEÁNICO.

Corresponde á rexión eurosiberiana e ten como formacións vexetais características o bosque caducifolio, a landa e o prado.

1.1. O BOSQUE CADUCIFOLIO.

- formado por árbores altas, con tronco recto e liso, de follas grandes que caen en outono.
- para desenvolverse necesita calor e humidade, pero pode soportar temperaturas moi baixas en inverno.
- no inverno, coas baixas temperaturas perde as follas, endurecen as xemas e a árbore paraliza o seu crecemento (hibernación).
- na primavera desenvólvese rapidamente: dáse un crecemento rápido das follas que van impedir o paso da luz ós estratos máis baixos do bosque onde crecen musgos e fentos.
- o pastoreo, as roturacións para gañar terro para a agricultura e os incendios, son os seus inimigos.
- este bosque está formado por poucas especies que aparecen reunidas formando grandes masas: faia, carvallo.
- froiteiras, castiñeiro, salgueiro, ameneiro, lamagueiro, freixo, chopo, tileiro, olmo, abeleira,... teñen un carácter secundario, pero víronse favorecidas pola acción antrópica.
- o seu territorio está a ser colonizado mediante repoboacións de outras especies (de crecemento rápido e bo aproveitamento económico) que o están a substituír: piñeiro silvestre, piñeiro galego e eucalipto. Son repoboacións moi criticadas porque as follas destas árbores acidifican e empobrecen o solo e porque arden con máis facilidade en caso de incendio.

FAIEDO:

- tolera mal a calor e moi ben o frío.
- necesita moita humidade (máis de 1000 mm.por ano) pero sen enchoupamentos.
- é unha árbore de montaña en terreos calizos, aínda que tamén aparece en zonas de margas e solos silíceos ricos en materia orgánica e baixa acidez.
- ocupa o norte peninsular, sobre todo Pirineos e C. Cantábrica. O seu límite sur é a Serra de Ayllón (norte do S.Central, en Guadalajara).
- cara ó sur é substituído polo piñeiro silvestre
- as faias poden convivir con teixos, acivros, freixos, arces,...

CARBALLEIRAS:

- non tolera veráns calurosos nen moito frío.
- esixe menos humidade que a faia.
- o clímax dos bosques de carballos está entre os 600 – 1100 m. de altitude.
- domina a costa cantábrica de Galicia ó País Vasco; aparece tamén no val de Arán e no S. Central.
- conviven varias especies de carballo: o carballo propiamente dito, e a carba (roble albar).
- a súa madeira é moi resistente polo que foi moi utilizada para construción e industria naval.
- hoxe o carballo está sendo substituído polo castiñeiro e o piñeiro de Monterrei.
- unha das carballeiras mellor conservadas está no bosque de Muniellos (Asturias).

BOSQUE DE REBOLO E CAXIGO:

- chega a menor altitude que os anteriores.
- mantén as súas follas secas ata o nacemento do novo brote.

1.2. LANDAS E PRADOS.

- **landa.** Densa vexetación de matogueiras : breixos, toxo e xesta. É unha degradación do bosque caducifolio, pero tamén aparece como vexetación supraforestal entre os 1600 e 2000 m.. úsase como abono e para camas de animais.
- **prados:** grandes extensións con pastizais e vexetación herbácea. Son típicos das paisaxes oceánicas.

2. PAISAXE VEXETAL DE CLIMA MEDITERRÁNEO.

- correspóndelle á rexión floral mediterránea.
- as formacións vexetais características son: o bosque perennifolio e a matogueira (maquis, garriga e estepa).
- estas formacións están todas adaptadas á seca estival mediante diversos sistemas:
 - *desenvolvemento de raíces moi estendidas para captar a auga
 - *Follas perennes e esclerófilas (duras e coriáceas).
 - *Sistemas propios para diminuír a transpiración (pequeno tamaño, pilosidades, revestimentos protectores de resina, cera ou goma, formación de espiñas,...

2.1. BOSQUE PERENNIFOLIO:

- árbores de mediana altura, tronco non rectilíneo, codia grosa e rugosa.
- as súas polas crean polas globulares e amplas que proxectan sombra sobre o chan para diminuír a insolación e a evaporación.
- especies características: a aciñeira e a sobreira.
- rico sotobosque de piorno serrano e xesta, xa que as súas árbores sitúanse algo apartadas unhas doutras e a luz penetra deste xeito con facilidade.
- o bosque perennifolio reduciuse ó longo da Historia por diversos motivos.
- hoxe intenta conservarse mediante o sistema de **DEVESA**. Consiste en aclarar o bosque de aciñeiras e sobreiras e combinar o aproveitamento do seu froito, leña e madeira, así como a protección que exercen as súas árbores sobre o solo, coa agricultura e o pastoreo, que rotan cada certo número de anos.

ACIÑEIRAS:

- é a árbore máis representativa de España, e a máis estendida do clima mediterráneo.
- moi resistente á seca, pero certas variedades tamén se desenvolven en zonas moi húmidas (ata 1500 mm.).
- adaptación a todo tipo de solos (salvo arxilosos) pero prefere os silíceos.
- poden vivir centos de anos.
- a súa madeira é moi dura e resistente. O seu froito, a landra, serve como alimento para o gando.
- os bosques de aciñeiras mellor conservados aparecen en S. Morena, Extremadura e Serra do Guadarrama (S: Central).
- hoxe o seu hábitat está moi reducido, xa que viñas, olivares e campos de cereais ocupan zonas de antigos aciñeirais.

SOBREIRAL:

- necesitan invernos suaves, certa humidade (máis de 500 mm. ó ano) e solos silíceos.
- a súa madeira utilízase na fabricación de toneis e na construción naval porque é moi dura e resiste á inmersión (flota).
- da súa codia obtense a cortiza.
- concéntrase desde o tramo inferior do Douro ata o Guadalquivir, aínda que tamén se atopa no sur de Andalucía (entre Cádiz e Málaga), ó noreste de Cataluña e en Castellón.

PIÑEIRAL:

- formación vexetal secundaria adaptada a calquera condición climática e a todo tipo de solos.
- estendeuse por amplas zonas como resultado da intervención humana, por ser unha especie de crecemento moi rápido e polo aproveitamento económico da súa resina e da súa madeira (na construción, elaboración de mobles, aglomerado e pasta de papel).

2.2. MATOGUEIRA.

É resultado da degradación do bosque polo home. Tres tipos:

- **maquis:** formación arbustiva densa, case impenetrable, de máis de 2 m. de altura. Formada por matos esclerófilos: xara, breixo, lentisco e exesta.
- **garriga:** arbustos e matos de pouca altura. Deixan zonas sen cubrir, onde aparece a rocha núa. Formada por: tomiño, romero e lavanda.
- **estepa:** aparece na zona semiárida do SE., onde a seca impide o crecemento das árbores, e en zonas onde a garriga foi degradada pola acción humana. Aparecen herbas baixas misturadas con arbustos espiñosos, con nós, baixos e discontinuos, que deixan ó descuberto solos pobres. Entre as súas especies destacan o palmito, o tomiño, o espartal e o espárrago.

3. PAISAXE VEXETAL DE RIBEIRA.

- ó longo dos ríos o solo imprégñase de humidade, de modo que este espacio queda á marxe do carácter seco que poida ter o clima do contorno.
- a presenza constante da auga fai que alí poidan vivir certas especies que se dispoñen en franxas paralelas ó río, desde as que están en contacto semipermanente coa auga, cara ó exterior.
- os bosques de ribeira están formados por especies como o ameneiro (as súas raíces necesitan estar na auga), o salgueiro e o chopo (só os extremos inferiores das súas raíces necesitan alcanzar a humidade) e o álamo. Menos esixentes en humidade son o freixo e o olmo.
- as matogueiras máis abundantes son o sanguíño, o ligustro e a madreSelva.
- a vexetación de ribeira tamén se viu reducida pola acción antrópica sobre as marxes e os leitos dos ríos (construción de canles de rego, encoros,...).

4. PAISAXE VEXETAL DE MONTAÑA.

Na montaña a vexetación dispónse en pisos con formacións vexetais diferentes segundo a altura.

4.1. Montaña alpina ou pirenaica: representada polos Pirineos. Na súa parte alta, sobre o bosque de aciñeiras ou carballos, poden distinguirse tres pisos:

- piso subalpino: entre 1200 e 2400 m.
 - Coníferas naturais: abeto, piñeiro negro e piñeiro silvestre.
 - O abeto pode formar bosques mixtos coa faia.
 - Sotobosque: arbustos como o rododendro e a arandeira.
- piso alpino: entre 2400 e 3000 m.
 - Dominio do prado que ten un período vexetativo curto porque pasa 7 – 8 meses cuberto pola neve.
 - Abundan sectores de rocha núa e *canchais* con pequenas plantas rupícolas.

- piso nival: a máis de 3000 m.
Neve todo o ano en zonas de escasa pendente onde non aparece vexetación.
En zonas de forte inclinación, onde a neve desaparece certo tempo atópanse pequenas plantas rupícolas, directamente sobre a rocha (liques e musgo) ou en fendas e físgoas.

4.2. Resto das montañas peninsulares:

- non existe piso subalpino de coníferas.
- pásase directamente do bosque característico do seu clima (caducifolio na zona atlántica e perennifolio na mediterránea) ó piso supraforestal.
- piso supraforestal: pequenos arbustos, variados segundo o clima:
 - * na zona atlántica abunda o brixo e a xesta.
 - * na zona mediterránea os arbustos e matogueiras espiñosos que alternan con pedregais nas zonas máis secas.
- por riba do piso supraforestal: prados, que na zona mediterránea se reducen ó fondo dos vales e outras zonas húmidas.

5. PAISAXE VEXETAL DE CANARIAS.

- vexetación de riqueza extraordinaria.
- orixe mediterránea pero con influencias africanas e do Atlántico sur.
- importancia do endemismo: formacións vexetais propias e exclusivas.
- vexetación orixinal baseada no relevo, que dá lugar a unha sucesión en pisos:
 1. piso basal: do nivel do mar a 300 – 500 m.
Marcado pola aridez.
Matogueiros ralos e ásperos: carrucho e tabaiba.
 2. piso intermedio: de 200 a 800 m.
Zona con descenso térmico e aumento da humidade.
Palmeira, drago e sabina.
 3. piso termocanario: de 800 a 1200 m.
Vexetación adaptada ás néboas causadas polo alisio, á menor temperatura e á menor insolación.
Bosque de laurisilva: moi denso e variado en especies.
Faial – breixal: degradación da laurisilva pola acción do home.
 4. piso de montaña: de 1200 a 2200 m.
Dominado polo bosque de coníferas: *piñeiro canario* (como queda fóra do mar de nubes, debe adaptarse á aridez e ó frío) e, nas zonas máis altas o *cedro canario*.
 5. piso supracanario: a máis de 2200 m. Só aparece en Tenerife e A Palma.
Acusada nudez, con matas dispersas pero de gran riqueza florística (*violeta do Teide*).

PAISAXE VEXETAL GALEGA

- gran diversidade. Vexetación variada e abundante.
- dominio eurosiberiano.
- vexetación autóctona: bosques de frondosas caducifolias: carballo. Bidueiro, ameneiro,...
- matogueira: landa atlántica de uces, toxos e xestas.
- diversidade debida a factores orográficos, climáticos e á actividade humana:

1. Paisaxe litoral:

- modificada pola acción humana como se observa nas abundantes terras parceladas.
- o orixinario bosque caducifolio (carballos, rebolos, faias) foi substituído por prados, cultivos e plantación de bosques de coníferas (piñeiros) e frondosas (eucaliptos).
- deforestación abusiva que deu lugar a matogueiros de toxos, xestas e uces.

2. Paisaxe interior:

- na Galicia das chairas, das depresións e dos vales.
- prados, cultivos e bosques caducifolios autóctonos (carballos, castiñeiros e bidueiros) hoxe reducidos polas plantacións de piñeiros e eucaliptos.
- Sur de Lugo e Ourense: certa mediterraneización do clima: sobreiras, aciñeiras e cultivo da vide.

3. Paisaxe de montaña:

- formada por serras, terras de pastoreo e cultivo de pataca e centeo.
- bosque autóctono con algunhas fragas e faias.
- a vexetación natural que se conserva está formada por bosques de bidueiros, carballos, rebolos, acivros, faias., abeleiras...
- abundan os matogueiros: toxos, xestas, uces,...